

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA


REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 13
DECEMBRO 2018
20.30 h

Auditorio de Galicia

Paul Daniel Director
Kari Kriikku Clarinete



CONCERTOS
DE ABONO

Sala Mozart
19.45 h

CONvers@ndo con
PAUL DANIEL Director

PROGRAMA

I

MALCOLM ARNOLD (1921-2006)

Cinco danzas arredor das Illas Británicas

Catro Danzas Escocesas, op. 59, núm. 2
Catro Danzas de Cornualles, op. 91, núm. 1
Catro Danzas Irlandesas, op. 126, núm. 3
Catro Danzas Galesas, op. 138, núm. 3
Danzas Inglesas, op. 33, Set II, núm. 2

MAGNUS LINDBERG (1958)

Concerto para clarinete e orquestra nun só movemento

Kari Kriikku, clarinete

II

RALPH VAUGHAN WILLIAMS (1872-1958)

Sinfonía núm. 2 en Sol maior "Sinfonía Londres"

Lento - Allegro risoluto

Lento

Scherzo (Nocturne)

Andante con moto, Maestoso alla marcia

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 45 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Ilya Fisher
Claudio Guridi
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova
Victoria Jurov
Ildikó Oltai
Daniel Kordubaylo
David Castillo ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Elina Viksne
Irina Gruia
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Ewa Pawlowska ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov
Celia Carabias ***
Lucía Camiños ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Ailsa Lewin
Millán Abeledo
Thomas Piel
Gema Pérez ***
Elena Domínguez ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Martín Alves ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Diego Fernández ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Rodrigo Iglesias ***

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Juan Luís Novo (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Gonzalo Zandundo ***
Diego Ventoso (R)
Juan Martín (R)
Germán Agulló (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO/CELESTA

Simona Kantocheva (R)

PAUL DANIEL

Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

KARI KRIIKKU

Clarinete

“...un músico físicamente extravagante de virtuosismo olímpico...”

The New York Times

“Logo, houbo un zumbido de sorpresa no auditorio cando o público manifestou adorar unha peza ás veces furiosamente disonante”

[NY Philharmonic / Alan Gilbert / Carnegie Hall / Magnus Lindberg concerto]

Tal como se recolle en The New York Times, non é raro que este artista consumado poña de pé ao seu público, mesmo se o repertorio ou o propio Kriikku se escoita por primeira vez.

Referente da música contemporánea, Kari Kriikku formou recentemente un ensemble para realizar novas incorporacións ao seu repertorio. Con Quattour Diotima estreou a *Figura* de Kaija Saariaho no Festival Bienal de Venecia 2016 e no Festival Présence de París en 2017. Na temporada 2017/18 leva *Hysterisis* de Michel van der Aa á Orquestra de Cámara Sueca dirixida por Tung-Chieh Chuang. Escrito para pequenos conxuntos e grupos de música electrónica, estreou este traballo coa Orquestra de Cámara de Lapland e John Storgårds e coa Amsterdam Sinfonietta no Concertgebouw Hall de Ámsterdam, e logo gravou a obra.

Nesta temporada tocará coa MDR Sinfonieorchester (Leipzig), Royal Scottish National Orchestra, Filharmónica de Liubliana (Eslovenia), Loepolinum Orchestra of Wrocław’s National Forum of Music, Filharmónica de Tampere ou a Sinfónica de Singapur. Actuará baixo as batutas de Kazuki Yamada, John Storgårds, Joseph Swensen, Clemens Schuldt e Olari Elts, entre outros.

Algunhas das novas obras que ten estreado inclúen o *Concerto para clarinete* de Unsuk Chin (2014) coa Orquestra de Gotemburgo e Kent Nagano. Logo tocouno coa Filharmónica de Nova York e Alan Gilbert na súa

estrea nos Estados Unidos, coa WDR Sinfonieorchester, Sinfónica de Barcelona e a London Philharmonia Orchestra con Nicholas Collon. Interpretouno baixo a batuta de Ilan Volkov coa BBC Scottish Symphony de Glasgow e a Orquestra de Malmö, Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa e Jukka-Pekka Saraste, e no Concertgebouw de Ámsterdam coa Orquestra Filharmónica da Radio dos Países Baixos baixo a batuta de Xian Zhang.

Estreou *D'om le vrai sens* de Kaija Saariaho coa Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa e Sakari Oramo, e recentemente tocou a obra coa Filharmónica de Nova York e Esa-Pekka Salonen e coa Orquestra Sinfónica da Radio de Suecia e Susanna Mälki. Tamén destacan as súas actuacións do colorido concerto de Kimmo Hakola con Semyon Bychkov (WDR Köln e La Scala de Milán), e o concerto de Magnus Lindberg cunha espectacular estrea nos BBC Proms de Londres en 2007 coa Sinfónica da BBC e Bychkov. Kriikku gravou todos estes traballos para "Ondine", incluída a *Missa* de Jukka Tiensuu coa Filharmónica de Helsinki e John Storgårds. A gravación do *Concerto para clarinete* de Lindberg foi nomeada nos Premios Gramophone de 2006 e o novo traballo de Saariaho coa Sinfónica da Radio de Finlandia e Sakari Oramo gañou o Premio do Xurado nos Premios da BBC Music Magazine en 2013.

Kari Kriikku destaca pola súa inventiva musical e a súa actitude fresca cara ás actuacións tradicionais, non só como solista, senón tamén como Director Artístico da Orquestra de Cámara *Avanti!*. En 2009 foi recoñecido co prestixioso Nordic Council Music Prize.

Malcolm Arnold (1921-2006)

En 1942, Sir Malcolm Arnold incorporouse á Filharmónica de Londres como trompeta principal tras estudar no Royal College of Music. A partir de 1948, dedícase plenamente á composición: máis de 140 obras de concerto publicadas e máis de 90 partituras para o cinema tan coñecidas como as dos filmes *A ponte sobre o río Kwai* (que lle reportou un Oscar), *O albergue da sexta felicidade* ou *Trapezio*. A popularidade chegoulle polas súas nove sinfonías (cuxa estupenda feita deulle o nome do Shostakovich inglés) ademais de polas súas danzas sobre ritmos e temas populares de certas rexións das Illas Británicas: dúas coleccións de Danzas inglesas, as Danzas Córnicas, as Irlandesas, as Gaélicas e as Escocesas, estas *Four Scottish Dances op. 59* escritas en 1957, combinan un extraordinario virtuosismo nos metais xunto con grandes contrastes de ritmo e algunhas melodías de corte moi romántico, como se fosen cancións de amor. Tamén as *English Dances* ofrecen algunhas pasaxes apaiñoantes para os instrumentos de metal que lembran que Arnold foi un destacado trompetista orquestral e xorden, en dous conxuntos (1950 e 1951), da suxerencia do editor Lengnick para que o compositor escribira alguna peza ao modo das *Danzas Eslavas* de Dvorak; ambas series cheas de melodías doces, cantarinas e melancólicas ao estilo das cancións folclóricas (sen citar ningunha melodía real) amosan unha comprensión da forma e da orquestración envexable. A refinada orquestración das *Four Irish Dances* (1986) fai uso maxistral dos instrumentos sobre as harmonías tan efectivas e destacadas que, no particular estilo do autor, adoita carecer de contrapuntos ou elaboracións instrumentais complexas, cun resultado moi sobrio. A estancia de Arnold en Cornualles levouno a compoñer as *Four Cornish Dances* (1966) para ofrecer a súa propia visión de “os coros de voces masculinas, bandas de metais, o Metodismo, os May Day e os himnos de Moody e Sankey” a través das súas propias creacións no estilo córnico baseadas na melodía da danza *jig*, na

marcha das citadas bandas, etc; evocando en palabras do compositor “...as casas de máquinas desertas das minas de estaño e cobre testemuñas silenciosas e estas ruínas irradian unha estrana e triste beleza...” De todas as danzas *Four Welsh Dances* (1989) é a máis homoxénea, cunha integridade estrutural case sinfónica e un clima de introspección reflexiva, incluso nos seus momentos máis rápidos e enérxicos.

Magnus Lindberg (1958)

Xunto con Jukka-Pekka Saraste, Esa-Pekka Salonen e Kaija Saariaho, Magnus Lindberg é un dos músicos fineses de sona mundial nados nos anos cincuenta formados na Academia Sibelius de Helsinki. Alumno de Rautavaara e Heininen e voceiro das propostas da vangarda musical europea, Lindberg sofre cara a finais dos oitenta un marcado xiro na súa produción descubriendo unha posible ‘nova vía’ na creación contemporánea, un espazo pouco transitado entre o post-serialismo e o neoclasicismo e así, recupera elementos relegados polos compositores máis avanzados do século, en especial a melodía, ao tempo que achega a harmonía, o ritmo e o contrapunto a terreos máis preto da tradición clásica. Desde 1979, Kari Kriikku foi dedicatario de varias obras, entre elas o *Concerto para clarinete* (2002), a súa relación co clarinetista e a composición do concerto a describe o propio Lindberg como segue “Escribín o *Concerto para clarinete* para Kari Kriikku, a quen coñezo desde finais dos 70, estudou harmonía comigo na Academia Sibelius. Así que despois de 25 anos temos desenvolvido un gran entendemento e non podería telo escrito sen el [...] O *Concerto para Clarinete* é unha gran obra, non en extensión senón en escala. As primeiras palabras que me dixo Kari foron ‘Escribe algo *fortississimo* para a orquestra, pero deixa que se escoite o clarinete!’ A miúdo, na música nova, a xente tene medo de poñer instrumentos solistas contra unha orquestra potente,

pero lográmoslo!” Os cinco movementos da peza permiten múltiples ocasións de lucimento ao solista, que desprega un amplo catálogo de tons que van do emotivo e dramático ata o humorístico e irónico, apuntando nos mellores momentos a unha culta disonancia e citando incluso certo espírito jazzístico.

Ralph Vaughan Williams (1872-1958)

Educado no Royal College of Music e no Trinity College de Cambridge e alumno de Max Bruch en Berlín e Maurice Ravel en París, Vaughan Williams non só foi un compositor elemental para a música inglesa, senón tamén un importante sinfonista do século XX. Entre 1912 e 1913, antes de alistarse no exército para participar na Gran Guerra e animado polo seu amigo George Butterworth determinou que comporía un poema sinfónico -que logo convertería en sinfonía- sobre Londres de xeito que cada movemento capturase algo do espírito inmaterial da grande urbe para crear unha imaxe evocadora e apracible. Vaughan Williams escribiu unha das composicións inglesas máis icónicas, a *Sinfonía Londres* na que describe case tanxiblemente algúns dos máis emblemáticos paisaxes e monumentos históricos da capital inglesa. De xeito case místico, brinda unha visión do clima cultural, social e político do Reino Unido, especialmente de Londres, neses anos previos á guerra. A partitura está composta en catro movementos: o primeiro comeza suavemente cun preludio no que se poden escoitar as campás da cidade que esperta coa néboa que se levanta coa mañá nas marxes do Támesis, descubriendo o bulicio das rúas. O *Allegro* pretende reflectir o ruído e as presas da cidade, referenciando unha tarde de novembro en Bloomsbury Square. Na versión orixinal, o *Nocturno* case permite sentir a natureza da noite londiniense tal vez un pouco romantizada, segundo o propio compositor podería relatar o estado de ánimo dun oínte que preto de Westminster escoita os sons distantes de Strand. O final

abre cunha marcha e o son do Big Ben xorde quizáis como un presaxio do infortunio que xa se anticipaba, a chegada da Gran Guerra. O *Epílogo* do último movemento, como admitiría o autor, está baseado no texto *Tono Bungay* de H. G. Wells quen tamén describe Londres nun simil coas auguas do Támesis "... percorrer as auguas do Támesis ata a desembocadura é como desfacer o libro da historia de Inglaterra, páxina a páxina, de principio a fin. O río pasa, Londres pasa, Inglaterra pasa ...". Despois da exitosa estrea londiniense en marzo de 1914, Vaughan Williams enviou ao director Fritz Busch a partitura perdida ao estalar a guerra. Para a actuación en agosto, o director tivo que conformarse cunha partitura curta (basicamente unha parte de piano anotada), e tardou ata febreiro de 1915 en preparar unha nova a partir das partes orquestrais sobrevivintes. Rematada a guerra, o compositor, coa vontade de alonxarse do estigma da composición programática, fai unha nova revisión na que recortou pequenos pasaxes e cambiou os títulos dos movementos sendo estreada en 1920 en Estados Unidos, aínda que o autor continuou axustándoa ata 1936, cando a enviou á Oxford University Press para a súa publicación.

Xoves 20 de decembro

20,30 h

Concerto de Nadal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Francesc Prat, director

J. P. Rameau, *As indias galantes (selección)*

C. Debussy, *Pequena Suite*

C. W. Gluck, *Chacona do ballet de Armide*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 82 en Do maior*

"O oso" (*Primeira das Sinfonías de París*)

Venres 4 de xaneiro

20,30 h

Concerto de Reis

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

J. Jr. Strauss

Abertura O morcego

Salve Hungría!, op. 332

Polca do cuco, op. 336

Vida de artista, op. 316

Tronos e lóstregos, op. 324

Voces de primavera, op. 410

J. Jr. Strauss/Josef Strauss

Polca Pizzicato

J. Jr. Strauss

Polca do tren, op. 281

Polca do Champagne, op. 211

Polca Tritsch Tratsch, op. 214

O Danubio azul, op. 314

J. Sr. Strauss

Marcha Radetsky, op. 228

Teatro Principal

Concerto fóra de abono



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura